

ORDENANZA FISCAL DA TAXA REGULADORA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN, PREVENCIÓN RUÍNAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS

ART. 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladoras das bases de réxime local e conforme ao que dispoñen os artigos 15 e 19 da lei 39/1988 do 28 de decembro, Reguladora de facendas locais, o Concello de Sanxenxo establece a Taxa por servizo de extinción de incendios, salvamento e outros análogos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal da que as normas atenden o previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/1988.

ART. 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible desta taxa, a prestación de servizos de auxilio e axuda, polo servizo local de emerxencias, os cales son de recepción obrigatoria.

Os servizos establécense en servizos prestados suxeitos a aplicación da taxa e os non suxeitos.

1.—Servizos suxeitos a aplicación das taxas:

a) Asistencia prestada en caso de incendios de calquera tipoloxía, salvamentos, afundimentos de edificios e construcións, ruínas, derrubo, inundacións e outros sinistros análogos, realizada polo servizo municipal con persoal e material adscrito ao mesmo.

- b) A presenza de persoal e materiais do servizo en concentracións, espectáculos e outros, con fins preventivos.
- c) Auxilios, recuperacións e evacuacións de persoas ou bens con ocasión dos servizos sinalados nos apartados anteriores ou doutras situacións de perigo como afundimentos, asolagamentos, explosións, accidentes de tráfico.
- d) Calquera outro servizo de recepción obrigatoria que foran prestados polo Concello na materia obxecto desta taxa.
- e) A realización de actuacións propias e exclusivas do servizo, que aínda non sendo de recepción obrigatoria, foran requiridas polas persoas interesadas.

2.—Non estarán suxeitas a esta taxa os seguintes servizos:

- a) Os realizados no termo municipal de Sanxenxo, a instancia de xuíces, forzas de seguridade e outras autoridades, no exercicio dos seus cargos respectivos e por razóns que atendan á orde ou seguridade xeral.
- b) Os realizados no termo municipal de Sanxenxo con arranxo aos plans de continxencias aprobados polas autoridade competentes, sexan plans especiais ou específicos sobre os riscos.
- c) Os prestados en beneficio da xeneralidade da poboación do municipio nos casos de catástrofe ou calamidade pública apreciada pola corporación.
- d) As saídas dos medios que non cheguen a utilizarse, sempre e cando non foran requiridos polo suxeito pasivo.

ART. 3. SUXEITOS PASIVOS

1.—Serán contribuíntes deste tributo as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que fai referencia o artigo 33 a Lei xeral tributaria, sexan nacionais ou estranxeiras, que sexan usuarios dos bens sinistrados e que houberan sido obxecto da prestación do servizo. Enténdese por usuarios, os

propietarios, arrendatarios, usufrutuarios, inquilinos e posuidores, por calquera título, dos bens nos que se produza o risco ou sinistro motivador.

2.—Nos servizos de salvamento, quen solicitara ou en cuxo interese redunde a prestación realizada.

3.—As persoas causantes do risco ou sinistro que pola súa actuación ou negligencia obriguen á prestación do servizo.

4.—Terá a consideración de substituto do contribuínte no caso de prestación de servizo de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, construcións e derrubes, salvamentos e, en xeral, de protección de persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

5.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

6.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

ART. 4. BENEFICIOS FISCAIS

1.—Bonificacións

1.1. Terán unha bonificación do 15% todas as taxas se o ingreso se realiza dentro dos trinta días naturais seguintes á prestación do servizo ou no mesmo prazo dende a notificación da liquidación correspondente por parte dos servizos tributarios do concello segundo o establecido no artigo 8 desta ordenanza. Esta bonificación é acumulable coas establecidas nos puntos 1.1 e 1.2 do apartado 1 deste artigo dentro do período voluntario de pago.

1.2. Terá unha bonificación do 15 % a asistencia prestada en caso de incendios, salvamentos e afundimentos de edificios e construcións, en

inmubles dentro do termo municipal de Sanxenxo, sempre que o titular que resulte obrigado ao pago, acredite que o ben sinistrado se atopa ao corrente das obrigas fiscais co concello na data do sinistro. Neste caso, a solicitude da bonificación acompañarase copia do último recibo do IBI e, de tratarse dun establecemento mercantil, industrial ou profesional, comprobarase ademais, a licenza municipal da actividade. Os servizos tributarios comprobarán o estado das obrigas tributarias contraídas coa administración local, se procede, do IAE e conceptos incluídos no padrón municipal de actividades (Lixo, entrada de vehículos e outros).

1.3. Terá unha bonificación do 15 % a prestación de servizos motivados por incendio ou accidente de vehículos suxeitos ao imposto sobre vehículos de tracción mecánica dos que sexa titular o contribuínte obrigado ao pago, sempre que a súa tributación se produza no Concello de Sanxenxo e o sinistro teña lugar en dito termo municipal e estea ao corrente das súas obrigas tributarias.

2.—Exencións:

2.1. Estarán exentas da taxa as propiedades municipais, edificios públicos e os casos que sinala a lexislación vixente.

2.2. Os contribuíntes beneficiarios do RISGA, prestacións por desemprego, ou réximes protectores de carácter público análogos ós mencionados, así como as persoas cas pensións mínimas establecidas e pensións non contributivas.

2.3. Os contribuíntes ou familias de calquera condición que xustifiquen ingresos anuais globais da unidade familiar, igual ao salario mínimo interprofesional, ou a renda mínima anual a efectos de IRPF.

2.4. Os contribuíntes cun grao superior o 33 % de discapacidade ou minusvalía, aportando documento acreditativo do órgano competente na declaración de incapacidade.

3.—Fóra dos supostos enunciados nos apartados anteriores, non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

4.—O establecido no punto 2 deste artigo para obter a exención da taxa deberase solicitar polo interesado no rexistro municipal e estar empadroado no municipio. O concello comprobará que a situación se corresponde co exposto no artigo 2 solicitando de ser preciso os documentos necesarios ao interesado.

5.—Os beneficios fiscais recollidos nos puntos anteriores perderanse transcorrido o prazo de pago voluntario establecido na liquidación entregada no momento da prestación do servizo ou na notificación que enviará a inspección de tributos do concello coa conseguinte liquidación.

ART. 5. NACEMENTO DA OBRIGA

A obriga de contribuír xorde da utilización ou prestación dos servizos, coa solicitude de intervención ou requirimento das persoas interesadas, aínda que non o solicitase persoalmente o suxeito en situación de perigo na súa persoa ou bens.

O devengo da taxa prodúcese no momento que saia da base a dotación correspondente para levar a cabo o seu cometido.

TAXAS

1.—Medios de transporte:

Na saída do parque dos referidos medios inclúese a primeira hora ou fracción de servizo por cada unidade desprazada. Saída, e hora ou fracción de servizo a maiores dos medios de transporte:

1.1. Vehículos especiais: Autoescala, autobrazo, nodriza e asimilados por unidade e hora ou fracción de servizo: 75,00€

1.2. Vehículo autobomba de extinción: B.U.L., B.R.L., B.R.P., B.U.P. e análogos por unidade e hora ou fracción de servizo: 60,00 €

1.3. Vehículos Lixeiros de salvamento e transporte: F.S.V.,VTL e asimilados por unidade e hora ou fracción de servizo: 40,00 €

1.4. Embarcación de rescate e salvamento e asimilados por unidade e hora ou fracción de servizo: 35,61 €

2.—Persoal do servizo:

2.1. Por hora ou fracción de servizo por persoal do servizo que interveña na prestación do mesmo: 17,81 €

2.2. Por hora ou fracción de servizo do xefe do servizo, xefe de parque ou especialista acreditado: 35,61 €

3.—Materiais non consumibles:

3.1. Polo uso de equipos de respiración autónoma, por unidade: 20,87 euros

3.2. Uso do grupo electrógeno, motoserra, disco ou similar, unidade: 41,32€

3.3. Uso do xerador de espuma: 20,64 €

3.4. Uso do detector de gases, cámara térmica: 20,64 €

3.5. Tramo de manguera despregada, por unidade: 17,81 €

3.6. Equipo de rescate en estrada, por hora ou fracción de traballo: 71,22 €

3.7. Material lixeiro, por hora ou fracción de traballo: 1,44 €

4. Materiais consumibles:

4.1. Por botella de aire comprimido: 8,50€

4.2. Por utilización de extintor, cada unidade: 42,75 €

4.3. Por botella de aire comprimido: 6,52 €

4.4. Por kg de absorbente: 9,00€

4.5. Por kg de dispersante: 9,21 €

5. Nas saídas fora do municipio cobraranse ademais das cotas anteriores, por Km percorrido dende o parque ata o lugar da intervención: 1,10 €

6. Nas extincións de incendios en locais onde haxa substancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables, cando as administracións competentes na materia determinen tales condicións, recargarase a cota resultante dos apartados anteriores nun 100%.

7. Tarifa mínima dos dereitos a liquidar pola prestación de servizos: 120,00€
Esta tarifa mínima será de aplicación a servizos tales como desconexión de alarmas, apertura de portas, retirada de elementos arquitectónicos que ameacen ruína e similares, salvo que, da liquidación dos elementos utilizados, resulte unha cota superior.

ART. 6. NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS:

A efectos do cómputo do tempo do servizo terase en conta dende a hora de saída dos efectivos do parque, momento no que se inicia para tódolos efectos a prestación do servizo, ata a hora de remate da intervención, no lugar da mesma.

As horas ou fraccións incompletas se tarifarán igualmente como horas ou fraccións completas de prestación de servizo.

No caso de que non se chegue a intervir, habéndose solicitado a prestación, cobrarase unicamente a saída do vehículo do parque, agás os desprazamentos realizados fora do termo municipal onde se aplicará ademais o disposto no punto 5 do artigo 6.

As incorporacións de medios que puideran producirse solicitados a través deste servizo, tarifaranse por analoxía as existentes, ate a súa regulación específica.

ART. 7. NORMAS DE PROCEDIMENTO PARA O PAGO

1. O persoal do servizo local de emerxencias estenderán un parte en impreso normalizado no que fará constar, como mínimo: o nome e apelidos, DNI ou CIF, domicilio do propietario do ben e/ou persoa solicitante do servizo, sexa persoa física ou xurídica, motivo da actuación, como beneficiario, podendo coincidir ámbolos dous.

2. A hora de chegada ao lugar e á hora de remate da intervención. Ademais, este parte incluírá os datos da entidade aseguradora do risco motivador facendo constar o nome da entidade, número de Póliza e a data de caducidade da mesma.

3. O parte deberá ser asinado polo propietario ou beneficiario caso de ser posible estando presente na intervención. Este parte será á vez impreso de liquidación da taxa, no que constarán ó dorso as tarifas de aplicación.

O impreso será cuádruplicado e deberán entregarse dous exemplares ó solicitante/beneficiario e remitir un á administración de tributos do Concello para control, e outro para arquivo do servizo local de emerxencias.

4. O pago desta taxa realizarase polo procedemento de liquidación na conta de calquera das entidades bancarias que figuran o na liquidación consignando no ingreso o nome e apelidos do beneficiario e numero do expediente que figura no impreso normalizado, dentro dos 30 días naturais dende a prestación do servizo.

5. No caso de non poder entregar no momento da prestación do servizo a liquidación mencionada, procederase á notificación correspondente polos servizos tributarios do concello iniciando ao efecto de obter as bonificacións

estipuladas no artigo 4.1 o prazo de 30 días naturais a partir da recepción desta notificación, facendo constar nesta notificación esta particularidade.

6. Os contribuíntes deberán ingresar a cota por liquidación no prazo estipulado nos apartados 4 e 5 en función da recepción da devandita liquidación. Transcorridos os trinta días, a inspección de tributos do Concello notificará ao propietario ou beneficiario unha liquidación polo importe da taxa liquidada.

ART. 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

En materia de cualificación das infraccións e da aplicación das sancións tributarias que as mesmas correspondan rexerá ao disposto nos artigos 77 e ss. da Lei xeral tributaria vixente.

ART. 9. INTERVENCIÓNS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL

1. Previo requirimento das autoridades competentes poderase acudir a un sinistro localizado noutro concello da zona, sempre e cando o director-xefe do servizo estime que o municipio queda atendido cos mínimos suficientes.
2. Serán responsables solidariamente das taxas devengadas o propietario e/ou solicitante, como suxeito pasivo do lugar sinistrado tal e como se indica no artigo 3.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª.—No non previsto na presente ordenanza, serán de aplicacións as disposicións contidas na lexislación tributaria aplicable.

2ª.—A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO NÚM. 243 de data 19-12-12), unha vez estea aprobada definitivamente (Pleno de 26.10.11 e 29.10.12), permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.